

RIBEIRA CONCILIA VERAN 2026

PROGRAMA DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS PARA A CONCILIACION FAMILIAR

O programa de conciliación celébrase dende hai anos como unha programación estable adquirindo grande demanda e satisfacción cidadá. Nesta ocasión, é de interese da área de Servizos Sociais impulsar as actividades de conciliación durante as vacacións do Verán 2026, coincidindo coas datas das vacacións escolares, de luns a venres –excepto festivos- de 09 a 14 h e destinados a nenos e nenas de 3 anos (escolarizados) a 12 anos co obxectivo de que os máis novos pasen unhas vacacións de ocio e divertimento, nun espazo seguro con profesionais ao seu coidado.

Esta actuación xustifícase na necesidade de ofrecer recursos de conciliación ás familias, facilitando a compatibilidade da vida laboral, persoal e familiar, ao tempo que se garante un espazo seguro, educativo e inclusivo para a infancia durante os períodos non lectivos e fóra do horario escolar. Así mesmo, contribúe ao desenvolvemento integral dos nenos e nenas mediante actividades que fomentan valores como a igualdade, a convivencia, a participación e os hábitos de vida saudables.

E polo tanto establécense os seguintes prezos e modalidades de matrícula pola asistencia a ditas actividades:

I. DESCRICION DO SERVIZO E TEMPORALIDADE:

RIBEIRA CONCILIA - Xuño e Setembro:

O servizo desenvolverase durante as vacacións escolares de xuño e setembro, de luns a venres, excepto festivos.

Horario: de 9.00 14.00 horas, cos seguintes tramos adicionais:

De 7.45 a 9.00: servizo de coidados.

De 14.00 a 16.00: servizo de comedor e coidados.

Ambos servizos estarán dispoñibles para as familias que os soliciten e contarán con 1 monitor/a.

O menú ou alimentos dos menores serán por conta das familias mentras que a empresa terá que ofertar o servizo de catering.

As actividades desenvolveranse en dúas quendas, que requirirá dunha única solicitude :

- A 1ª quenda terá lugar dende o día 22 ao 30 de xuño, ámbolos dous incluídos.
- A 2ª quenda terá lugar dende o 1 ata o día 7 de setembro, ámbolos dous incluídos.

Número de prazas: 60

RIBEIRA CONCILIA - Xullo

O servizo desenvolverase no mes de xullo de luns a venres, excepto festivos.

Horario: de 9.00 14.00 horas, cos seguintes tramos adicionais:

De 7.45 a 9.00: servizo de coidados.

De 14.00 a 16.00: servizo de comedor/coidados.

Ambos servizos estarán dispoñibles para as familias que os soliciten e contarán con 1 monitor/a. O menu ou alimentos dos menores serán por conta das familias mentras que a empresa terá que ofertar o servizo de catering.

Número de prazas: 150

RIBEIRA CONCILIA - agosto

O servizo desenvolverase entre o 1 e o 31 de agosto de luns a venres, excepto festivos.

Horario: de 9.00 14.00 horas, cos seguintes tramos adicionais:

De 7.45 a 9.00: servizo de coidados.

De 14.00 a 16.00: servizo de comedor/coidados.

Ambos servizos estarán dispoñibles para as familias que os soliciten e contarán con 1 monitor/a.

O menu ou alimentos dos menores serán por conta das familias mentras que a empresa terá que ofertar o servizo de catering.

Número de prazas: 150

II. PREZOS:

PREZOS DA ACTIVIDADE RIBEIRA CONCILIA VERAN	
RIBEIRA CONCILIA - Xuño e Setembro	50 €
RIBEIRA CONCILIA - Xullo	100 €
RIBEIRA CONCILIA - agosto	100 €
RIBEIRA CONCILIA : Xullo e Agosto	180 €
RIBEIRA CONCILIA : xullo e agosto + xuño/setembro	200 €

III. LUGAR:

Instalacións do CEIP O GRUPO: aulas, comedor, pavillón deportivo e patio exterior. A coordinar dende o departamento de Servizos Sociais do Concello de Ribeira.

IV. BONIFICACIONES:

Ademais, interesados en contribuír na diminución do esforzo que pode representar para familias incluídas dentro dos colectivos vulnerables, para facilitar a participación nestas actividades con prezo público deste programa, **proponse a aplicación dun desconto do 20% sobre o importe de matrícula aos fillos/as das familias que reúnan algunha das seguintes condicións ou circunstancias, e así o**

acrediten previamente mediante a aportación dos documentos pertinentes (non serán acumulativos no caso de darse máis dunha circunstancia):

- Familias que teñan o TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA.
- Familias acolledoras ou monoparentais que o acrediten documentalmente co certificado oficial.
- Familias con dous ou máis inscritos/as nesta actividade: o desconto aplicaríase na matrícula do segundo fillo/a e sucesivos.
- Familias nas que, ao menos, un dos seus membros sexa DESEMPREGADO/A DE LONGA DURACIÓN (que teñan acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados/as na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 365 días se fosen maiores de 25 e menores de 45 anos de idade, debendo presentar vida laboral e/ou certificado de períodos de inscrición na Oficina de Emprego).
- Familias nas que o propio participante acredite unha discapacidade de ao menos o 33% (acreditando tal condición co certificado de discapacidade).

Na mesma liña propónse a reserva do 10% das prazas das respectivas actividades (bonificación 100% taxas) para unidades familiares derivadas dende a área dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Ribeira a través dun informe ou relación detallada elaborada polos profesionais do departamento.

Polo tanto, o ingreso máximo por prezo público de matrícula sería:

<i>Actividade</i>	<i>Nº participantes</i>	<i>Prezo máximo</i>	<i>Ingreso máximo</i>
RIBEIRA CONCILIA Xuño e Setembro	60	50€	3.000€
RIBEIRA CONCILIA Xullo	150	100 €	15.000€
RIBEIRA CONCILIA Agosto	150	100 €	15.000€
		TOTAL INGRESO	33.000€

En canto ao custo deste servizo, O servizo será prestado pola empresa Golfinho Xestión de Ocio S.L. para o período que engloba esta proposta (**RIBEIRA CONCILIA -VERÁN 2026**)

PERÍODO	VALOR ESTIMADO	IVE (10%)	ORZAMENTO TOTAL DO CONTRATO
<i>(RIBEIRA CONCILIA -VERÁN 2026) do 22 de xuño ao 7 setembro 2026</i>	51.965,53€	5198,55€	57.184,09€
		TOTAL	57.184,09€

Entendemos que, co obxectivo de facilitar o acceso ao maior número posible de familias e tendo en conta a situación económica actual de moitas delas, resulta necesario establecer un prezo público asumible para a cidadanía. Por este motivo, solicítase ao Concello a achega da financiación complementaria necesaria para cubrir o custo total desta actividade, amplamente demandada pola poboación, tal e como recolle a Ordenanza Municipal C3 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, actividades xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e sociocultural, concretamente nos artigos 4.2 e 4.4.

NORMATIVA DE ADMISIÓN E CARACTERÍSTICAS DA ACTIVIDADE RIBEIRA CONCILIA-VERAN 2026

A presente normativa ten por obxecto regular o procedemento de solicitude, admisión e participación no Programa Ribeira Concilia.

Este programa, RIBEIRA CONCILIA-Verán , constitúe un recurso educativo, lúdico e de conciliación destinado a favorecer a compatibilidade entre a vida laboral e familiar das familias do Concello de Ribeira en períodos non lectivos.

Así mesmo, este programa pretende ofrecer ás nenas e nenos participantes un espazo educativo, lúdico e inclusivo, promovendo actividades de ocio saudable, convivencia, igualdade, participación e desenvolvemento persoal.

O programa desenvolverase conforme a un proxecto educativo orientado ao cumprimento dos seguintes obxectivos:

- a) Ofrecer unha alternativa educativa e de ocio durante o período estival.
- b) Fomentar a convivencia, o respecto mutuo e o cumprimento das normas sociais básicas.

- c) Promover hábitos saudables relacionados coa actividade física, a hixiene persoal e o respecto polo contorno.
- d) Potenciar habilidades persoais, sociais e de cooperación, favorecendo a autonomía, a responsabilidade e a tolerancia.
- e) Favorecer a creatividade e o desenvolvemento das capacidades expresivas, corporais, plásticas e musicais.
- f) Impulsar actividades de integración, participación e convivencia.
- g) Promover o diálogo, a cooperación e a resolución pacífica de conflitos.
- h) Reforzar a identidade persoal e a valoración do traballo propio e alleo.
- i) Desenvolver a imaxinación, a creatividade e o sentido lúdico.
- j) Capacitar aos nenos e nenas para a toma de decisións adaptadas á súa idade.
- k) Fomentar o coidado das instalacións, materiais e espazos comunitarios.
- l) Entender o xogo e o deporte como ferramentas educativas e de aproveitamento do tempo libre.
- m) Educar en igualdade e non discriminación.
- n) Potenciar hábitos de hixiene persoal e autonomía.
- ñ) Adaptar as actividades á etapa evolutiva de cada menor.
- o) Reforzar as capacidades físicas, emocionais e psicolóxicas do alumnado participante.

O financiamento do programa efectuarase mediante achegas da Xunta de Galicia as entidades locais para o desenvolvemento do programa do Plan Corresponsables no ámbito local 2026 , achegas do Concello de Ribeira e das cotas satisfeitas polas persoas usuarias, consonte a normativa de prezo publico acordada dende o concello.

1) PERSOAS DESTINATARIAS E REQUISITOS

1. Poderán participar no programa as nenas e nenos nadas/os entre os anos 2014 e 2023 e escolarizadas/os entre 4º de Educación Infantil e 6º de Educación Primaria no curso escolar correspondente.
2. As persoas participantes deberán contar cun nivel de autonomía persoal e hábitos de convivencia adecuados á súa idade, que permitan o correcto desenvolvemento das actividades.

3. As familias comprométense ao cumprimento das normas de convivencia e funcionamento do servizo.

2) DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

❖ Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do programa e quen exerza a patria potestade ou tutela sobre elas terán os seguintes dereitos:

- a) Acceder ao servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
- b) Recibir un trato respectuoso e acorde coa dignidade persoal.
- c) Garantir a confidencialidade dos datos persoais e familiares, de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos.
- d) Recibir atención individualizada en función das súas necesidades específicas.
- e) Renunciar voluntariamente ao uso do servizo.
- f) Ser informadas das medidas e actuacións que afecten ao desenvolvemento educativo e asistencial dos menores.
- g) Recibir educación en valores democráticos, igualdade, tolerancia e convivencia.
- h) Participar nun entorno que promova hábitos saudables de alimentación, hixiene e comportamento.

❖ Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias e os seus representantes legais deberán:

- a) Cumprir o presente regulamento e demais normativa de aplicación.
- b) Manter unha actitude de respecto cara ao persoal do servizo e ao resto das persoas usuarias.
- c) Respetar os prazos, requisitos e procedementos establecidos para a utilización do servizo.
- d) Estar ao día nas obrigas tributarias e económicas co Concello, salvo nos casos debidamente acreditados polos Servizos Sociais Municipais como situacións de vulnerabilidade ou emerxencia social.

3) FUNCÍONS DO PERSOAL MONITOR

Corresponderá ao persoal monitor, entre outras funcións:

- a) Desenvolver a programación educativa e lúdica do servizo.
- b) Atender, custodiar e supervisar aos menores durante o horario de funcionamento.
- c) Resolver incidencias ordinarias e informar ao responsable municipal das situacións relevantes.
- d) Supervisar hábitos de alimentación, hixiene e convivencia.
- e) Controlar a asistencia diaria das persoas usuarias.
- f) Garantir a correcta utilización das instalacións e materiais.
- g) Entregar os menores ás persoas autorizadas.
- h) Desenvolver aquelas funcións necesarias para o correcto funcionamento do servizo.

4) RATIO DE MONITORADO

A ratio máxima ordinaria establecerase nun/ha monitor/a por cada quince menores.

Poderanse establecer ratios específicas e reforzos de apoio en función das necesidades especiais de determinados usuarios/as, logo de valoración municipal.

Calquera modificación do número de monitores/as deberá contar coa autorización expresa do Concello.

5) ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

❖ Persoas destinatarias e requisitos de acceso

O servizo está dirixido aos nenos e nenas escolarizados/as no segundo ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria.

Para acceder ao servizo deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- a) Que todos os membros da unidade familiar estean empadroados no Concello de Ribeira.
- b) Xustificar a necesidade de conciliación da vida laboral e familiar.
- c) Non manter débedas pendentes co Concello, salvo informe favorable dos Servizos Sociais Municipais.

6) LUGAR DE DESENVOLVEMENTO

O programa desenvolverase nos locais e instalacións do CEIP O GRUPO , en caso contrario se informaría en cada convocatoria a través dos medios municipais e da páxina web corporativa.

7) PERIODES E HORARIO

RIBEIRA CONCILIA - Xuño e Setembro

O servizo desenvolverase durante as vacacións escolares de xuño e setembro (22-30/06/2026 e 1-7/09/2026), de luns a venres, excepto festivos.

Horario: de 9.00 a 14.00 horas, cos seguintes tramos adicionais:

De 7.45 a 9.00: servizo de coidados.

De 14.00 a 16.00: servizo de comedor e coidados.

Ambos servizos estarán dispoñibles para as familias que os soliciten e contarán con 1 monitor/a. O menú ou alimentos dos menores serán por conta das familias mentras que a empresa terá que ofertar o servizo de catering.

Número de prazas: 60

Destinatarios: Nenas e nenos nados de 2014 a 2023, escolarizados e sen cueiro.

Lugar: CEIP O GRUPO

RIBEIRA CONCILIA - Xullo

O servizo desenvolverase no mes de xullo de luns a venres, excepto festivos.

Horario: de 9.00 a 14.00 horas, cos seguintes tramos adicionais:

De 7.45 a 9.00: servizo de coidados.

De 14.00 a 16.00: servizo de comedor/coidados.

Ambos servizos estarán dispoñibles para as familias que os soliciten e contarán con 1 monitor/a. O menú ou alimentos dos menores serán por conta das familias mentras que a empresa terá que ofertar o servizo de catering.

Número de prazas: 150

Destinatarios : Nenas e nenos nados de 2014 a 2023, escolarizados e sen cueiro.

Lugar: CEIP O GRUPO

RIBEIRA CONCILIA - Agosto

O servizo desenvolverase entre o 1 e o 31 de agosto de luns a venres, excepto festivos.

Horario: de 9.00 a 14.00 horas, cos seguintes tramos adicionais:

De 7.45 a 9.00: servizo de coidados.

De 14.00 a 16.00: servizo de comedor/coidados.

Ambos servizos estarán dispoñibles para as familias que os soliciten e contarán con 1 monitor/a. O menú ou alimentos dos menores serán por conta das familias mentras que a empresa terá que ofertar o servizo de catering

Número de prazas: 150

Destinatarios: Nenas e nenos nados de 2014 a 2023, escolarizados e sen cueiro.

Lugar: CEIP O GRUPO

8) ORGANIZACIÓN POR GRUPOS

Os grupos organizaranse por idades e número de persoas inscritas, podendo modificarse unicamente por criterios pedagóxicos ou organizativos.

9) ADMISIÓN DE PARTICIPANTES CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición no impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisara.
- Presentar o certificado oficial de grao de discapacidade no momento da solicitude e que no mesmo non se recolla a necesidade de axuda dunha terceira persoa.
- Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.

10) ACEPTACIÓN DAS NORMAS

A formalización da inscrición no programa implica a aceptación íntegra do presente regulamento e das normas de funcionamento do servizo.

11) INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes presentaranse dentro do prazo establecido nesta convocatoria, presencialmente ou a través da sede electrónica municipal, acompañadas da documentación acreditativa correspondente.

As solicitudes presentadas fóra de prazo incorporaranse á lista de agarda.

12) PUBLICACIÓN DE LISTAS

As listas provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas publicaranse nos medios oficiais do Concello, concedéndose prazo para reclamacións conforme ao procedemento administrativo común.

13) DEREITO DE ADMISIÓN

O Concello resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva das persoas usuarias por incumprimento das normas de convivencia ou uso inadecuado do servizo, logo de audiencia ás familias afectadas.

14) NÚMERO MÁXIMO DE PRAZAS E LISTA DE AGARDA

No caso de limitación de prazas, aplicarase un sistema de prioridade baseado na necesidade de conciliación familiar e laboral.

De persistir exceso de solicitudes, realizarase sorteo público.

As situacións de emerxencia social acreditadas polos Servizos Sociais Municipais terán carácter

15) BAIXAS E MODIFICACIÓNS

As solicitudes de baixa ou modificación deberán presentarse por escrito coa antelación mínima establecida na convocatoria ou ordenanza correspondente.

16) AUSENCIAS

As ausencias inxustificadas poderán dar lugar á perda de bonificacións ou á aplicación da tarifa

17) CONDICIÓN DE SAÚDE

As familias deberán comunicar calquera circunstancia médica relevante que afecte á participación do menor no programa.

Non poderán asistir menores con enfermidades contaxiosas, febre, vómitos, diarrea ou infestación por piollos mentres persista a situación.

A administración de medicación requirirá autorización expresa da familia e prescrición

As familias deberán comunicar calquera circunstancia médica relevante que afecte á participación do menor no programa.

Non poderán asistir menores con enfermidades contaxiosas, febre, vómitos, diarrea ou infestación por piollos mentres persista a situación.

A administración de medicación requirirá autorización expresa da familia e prescrición

18) BONIFICACIÓNS

As solicitudes de bonificación deberán presentarse no momento da inscrición, xunto coa documentación acreditativa correspondente.

19) PRAZOS E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Ábrese un prazo de prescrición do 28 de maio ao 10 de xuño de 2026, período no que poderán anotarse todas as persoas interesadas que cumpran os requisitos establecidos cubrindo os documentos anexos de inscrición xunto coa documentación obrigatoria correspondente.

As solicitudes faranse a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira (Oficina de Atención ao cidadán O.A.C, no Departamento de servizos sociais ou sede electrónica). Deberase realizar un rexistro por cada participante a inscribir aos efectos de que cada un deles dispoña do seu correspondente nº de solicitude:

- De maneira presencial no Departamento de servizos sociais, na Oficina de Atención Cidadá do Concello (atención ao público de 9.00 h. a 14.00 h.) ou sede electrónica presentando os anexos de inscrición cuberta **por unidade familiar, e demais documentación esixida.**
- **De forma telemática (necesario certificado dixital) a partir das 9:00 h do primeiro día de prazo.** a través da web www.ribeira.gal no seguinte apartado – **SEDE ELECTRÓNICA-TRÁMITES DESTACADOS – SOLICITUDE XENÉRICA.** Deberase tramitar a solicitude de carácter xeral e axuntar a ese procedemento a **ficha de inscrición cuberta, folla de autorización asinada, copia do DNI do participante e do pai/nai/titor e demais documentación esixida.**

❖ DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA NECESARIA PARA A REALIZAR A SOLICITUDE:

- Ficha de inscrición debidamente cuberta (Anexo I) indicando a actividade elixida.
- Autorización de participación debidamente cuberta e solicitude de protección de datos (Anexo II).
- DNI ou folla do libro de familia correspondente ao participante.
- DNI do pai/nai/titor responsable.
- Certificado de empresa (si corresponde, de cada proxenitor) para ter en conta o criterio da prioridade na admisión (se non se presenta acompañando á solicitude en prazo non se terá en conta e non poderá ser emendado cara ao criterio de prioridade na admisión).
- Se ten dereito a bonificación do prezo da matrícula deberá presentar ademais copia da documentación acreditativa: título de familia numerosa, certificación de familia acolledora ou monoparental, certificación de discapacidade, acreditación de desemprego de longa duración, etc.

❖ LISTAXES DE ADMISIÓN E AGARDA:

Para as actividades de verán as **listaxes de admisión, agarda e vacantes publicaranse o 12 de xuño .** As listaxes publicaranse na páxina web do Concello de Ribeira, www.ribeira.gal. Tendo en conta a protección de datos de carácter persoal, na lista publicárase o nº de rexistro de entrada da solicitude.

Os requisitos de prioridade para a participación, en caso de superar as prazas ofertadas, serán os seguintes por orde de prelación:

- Persoas empadroadas no municipio de Ribeira.
- Familias monoparentais nas que traballe o proxenitor.
- Familias nas que traballen os dous proxenitores.
- Familias nas que traballe un dos proxenitores.
- Por rigorosa orde de inscrición segundo o número do Rexistro.
- Empadroados noutro municipio.

Se quedasen solicitudes en agarda iranse cubrindo as baixas por orde de inscrición segundo a listaxe de espera. Nestes casos dende o departamento de servizos sociais contactarase previamente co solicitante para comunicarlle dita circunstancia e confirmar o seu interese por participar na actividade.

Se quedasen prazas vacantes dispoñibles, poderanse facer novas inscricións dos xeitos anteriormente citados nos prazos a determinar pola Concellería de Servizos Sociais, sendo cubertas as vacantes por rigorosa orde de solicitude.

20) PRAZOS E FORMAS DE PAGO:

As persoas que aparezan como admitidas na listaxe deberán realizar o pagamento do importe correspondente (con ou sen bonificación) mediante auto liquidación **do 13 ao 17 de xuño inclusive** (para os actividades de verán). Aqueles participantes admitidos que non realicen o pago neses prazos non poderán asistir á actividade e serán dados de baixa en beneficio da listaxe de agarda.

***INSTRUCCIÓNS DE REALIZACIÓN DE PAGO:** Entrar na web municipal www.ribeira.gal, no apartado **SEDE ELECTRÓNICA-TRÁMITES DESCATADOS - AUTOLIQUIDACIÓNS**, e cubrir os datos que se requiren para o **“TRIBUTO: PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES CULTURALS”** seleccionando no apartado datos de cálculo: **Tipo de actividade: opción da actividade correspondente – meses inscritos – bonificación: si ou non**. O pago poderá facerse directamente a través da opción **PAGAR ONLINE** ou **IMPRIMIR RECIBO** e realizalo na sucursal bancaria ou no seu caixeiro. Importante: antes de realizar o pago deberase verificar que o importe que se amosa na pantalla corresponde co da modalidade de campamento escollida.

Á vista de todo o exposto anteriormente, e co desexo de proceder a divulgación desta actividade, SOLICITO á Xunta de Goberno Local:

1. Acordo para inicio de actividade RIBEIRA CONCILIA -VERAN 2026.
2. Aprobación dos prazos de preinscrición e matrícula.
3. Aprobación da normativa de admisión.
4. Aprobación dos prezos públicos sinalados e da bonificación do 20% na matrícula para os colectivos indicados, a reserva do 10% das prazas para emerxencia social, así como procedemento de realización do pagamento.